

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN A VÍTIMAS DE TRÁFICO PARA A AXUDA A PACIENTES VÍTIMAS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 19.06.2026 coa Fundación A Víctimas de Tráfico o convenio arriba referido por un período de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para prestar, a través dos profesionais da fundación, asesoramento técnico e legal, apoio emocional presencial aos accidentados e ás súas familias, sempre que de forma expresa e libre queiran recibir a dita asistencia, así como regular a actuación da fundación no ámbito dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, en colaboración dos responsables asistenciais dos hospitais, na atención integral aos ditos pacientes.

A Fundación A Víctimas de Tráfico é unha fundación en ánimo de lucro, de utilidade pública e interese social, cuxos fins de interese xeral consisten en, entre outros, prestar asesoramento técnico e apoio legal, asistencia e intervención de apoio emocional presencial no ámbito hospitalario aos accidentados de tráfico e as súas familias, axudándoas de maneira activa a superar os prexuízos persoais derivados do accidente, poñendo á súa disposición, de forma gratuíta, un equipo de técnicos expertos no tratamento da problemática específica dos accidentes, así como facilitándolles recursos asistenciais, baixo o marco dos diferentes convenios de colaboración que realiza con institucións e empresas.

No presente caso, a fundación prestará a súa colaboración en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, en especial, nos que se concentre un maior número de vítimas por accidentes de tráfico, dando soporte aos accidentados, ofrecéndolle soporte emocional a través do seu equipo de psicólogos especializados ou prestándolles orientación en materia legal e acerca dos seus dereitos, entre outras accións.



Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns.

Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

